



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS E DO MANTENIMENTO DE COGAMI E DAS SÚAS ENTIDADES PARA O EXERCICIO 2023

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude

COGAMI entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2003/93-2ª, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-154.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiadas a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a subvención nominativa destinada á entidade COGAMI aparece expresamente reflectida no estado de gastos do orzamento da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, concretamente no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Persoas con





Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude do mantemento de COGAMI e das súas entidades asociadas así como dos programas, que COGAMI ten previsto desenvolver durante o ano 2023, de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias, cuxo desenvolvemento se artella do seguinte xeito:

a) Programa informativo, de asesoramento e orientación dirixido ás persoas con discapacidade, ás súas familias e á sociedade en xeral, en materia de accesibilidade, produtos de apoio, prestacións e axudas económicas, educación, lexislación, formación, etc.

b) Programa de intervención social das persoas con discapacidade e das súas familias, con especial incidencia na muller con discapacidade embarazada e lactante e nas persoas con gran discapacidade.

c) Programa de promoción da autonomía persoal mediante o fomento da saúde a través da realización de actividade física (ximnasia, natación e fisioterapia) orientado á prevención da dependencia das persoas con discapacidade.

d) Programa de formación e intermediación laboral mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas a mellorar a cualificación profesional e académica das persoas con discapacidade, a través da realización de diferentes cursos de formación básica, obradoiros etc, que se combinarán con accións encamiñadas a potenciar o seu acceso ao mercado de traballo.

e) Programa de sensibilización e concienciación dirixido ás persoas con discapacidade, as súas familias e á sociedade en xeral, orientado á consecución da plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade. Inclúense charlas de prevención de lesión medular, xornadas de sensibilización e concienciación coa discapacidade así como sobre aspectos psicosociais da discapacidade.

f) Programa de voluntariado que incide no seu fomento a través da participación en eventos desta natureza, ademais dun curso formativo para xestores de accións de voluntariado.

g) Programa de lecer para fomentar, na medida do posible, a participación social das persoas con discapacidade, en programas culturais, lúdicos e educativos.

h) Programa de apoio ao movemento asociativo, c6 que se pretende axudar no cumprimento dos trámites administrativos ás persoas e entidades que pretendan a súa asociación ou xa asociadas para a continuidade e cumprimento dos seus fins.

Para o cumprimento do convenio a Consellería de Política Social e Xuventude aportará no ano 2023 un **millón setecentos corenta e seis mil novecentos sesenta e un euros (1.746.961,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.21, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.





A dita cantidade destinarase aos gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións antes citadas.

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto vén motivado porque, ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecoste que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia., e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Persoas con Discapacidade
Fernando González Abeijón

